

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE SANDIÁS PARA PECHE E AMPLIACIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE SANDIÁS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

DECLARA:

Que a Consellería de Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional formalizou coa Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Sandiás o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das bases de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Sandiás para o peche e ampliación do pavillón polideportivo de Sandiás.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundamentase no seguinte:



Primeiro.- Que conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia de promoción do deporte (artigo 27.22) correspondendo á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, segundo o Decreto 136/2024, do 20 de maio, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de deportes, que se asume a través da Secretaría Xeral para o Deporte, consonte o seu artigo 15, e, entre outras atribucións, a promoción e a difusión da actividade física e do deporte, con especial atención á promoción da igualdade entre homes e mulleres, actuando, se é o caso, en colaboración con outras administracións e entidades públicas e privadas (alínea b) e a colaboración coas administracións locais e coas entidades deportivas a través de axudas e subvencións nos ámbitos das infraestruturas e da adquisición de equipamentos (alínea e).

Así mesmo, o artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

Segundo. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é, conforme ao Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o departamento da Xunta de Galicia que ten por obxectivo garantir un sistema educativo de calidade, inclusivo, equitativo e orientado ao pleno desenvolvemento de todas as persoas, fomentando a colaboración e coordinación con outras entidades públicas e privadas para o desenvolvemento de plans e accións formativas na dimensión social da educación.

Terceiro.- Que as partes son conscientes de que o deporte, a par de constituír en por si un instrumento para a práctica de actividade física e deportiva, representa, en xeral, unha ferramenta para a mellora da saúde e da calidade de vida, como mecanismo de socialización, cohesión e inclusión social, integración social e fonte de diversión, saúde e benestar; contribúe á formación e educación integral da persoa e xoga un importante papel no desenvolvemento da personalidade, fomentando valores como o esforzo persoal, traballo en equipo, cooperación, solidariedade, tolerancia, respecto ao adversario...



Por estes motivos é fundamental que a practica físico deportiva poida estar ao alcance do conxunto da poboación e, moi especialmente, ao alcance dos máis pequenos.

É precisamente na etapa escolar cando a correcta iniciación á práctica deportiva pode converterse nun instrumento fundamental na formación do escolar como ser humano, educando nos citados valores e creando un hábito físico que propicie a práctica continuada en idades posteriores, fomentando unha forma de vida saudable que logre evitar fenómenos como o sedentarismo e a obesidade infantil.

Cuarto.- Que a pista polideportiva do colexio público de Sandiás sitúase en terreos inventariados polo Concello de Sandiás que foron no seu día cedidos para a construción do colexio público e a propia pista polideportiva.

Os pavillóns deportivos preto dos recintos escolares son espazos de socialización educativa que admiten un uso polivalente permitindo no seu caso, a apertura ao uso xeral das instalacións deportivas educativas fóra do horario lectivo dos centros polo que con data 30 de xuño de 2011, o Concello de Sandiás solicitou a desafección e reversión dos terreos da pista ao Concello para o seu uso público considerando que o uso por parte dos veciños e por parte do colexio son compatibles e sendo preferente o seu uso por parte do colexio en horas lectivas.

Con data 22 de setembro de 2011, o Director Xeral de Centros da Consellería autoriza a desafectación solicitada previo informe da xefatura territorial de Ourense.

Quinto.- Que na actualidade a pista polideportiva dispón dunha sinxela cuberta a 2 augas montada sobre unha estrutura de pórticos metálicos e o concello ten intención de proceder ao seu peche perimetral e a súa ampliación pola parte sueste coa finalidade de dotar de vestiarios, ximnasio e aseos que a fagan máis utilizable tanto polos/as veciños/as como polos/as nenos/as.

Sexto.- Que o artigo 198 apartados 1) e 2) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei.



Sétimo. -Que as partes consideran de interese público a participación e apoio nas accións obxecto deste convenio, co obxectivo de impulsar as actuacións de mellora das instalacións cunha dobre finalidade: acadar o nivel requirido para satisfacer as necesidades do alumnado dos centros e permitir o acceso da cidadanía a estas áreas fóra do horario lectivo.

Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o concello de afrontar en solitario os compromisos económicos que supoñen estas actuación.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia, manifestada polo concello, e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención .

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

